

Escribe o teu nome:

Curso:

BIOGRAFÍA DE RICARDO CARVALHO CALERO

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña), o 30 de outubro de 1910. Era o maior dos seis fillos que tiveron M.^a Dolores e Gabriel Ricardo, os seus pais.

Ricardo realizou os seus primeiros estudos nunha escola da rúa Magdalena e noutra dirixida polo escritor Manuel Comellas, as dúas de Ferrol. Fixo o bacharelato por libre e os estudos universitarios en Compostela.

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, onde coincidiu con Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas...



Colaborou en moitas revistas galegas: A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Resol, Universitarios, Papel de Color... e é autor de libros de investigación sobre a nosa literatura e o noso idioma.

En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago e posteriormente á universidade compostelá, da que foi o seu primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega.

Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.

É autor de *Gramática elemental del gallego común* e de obras de teatro, poesía e novela.

Ingresou na Real Academia Galega (RAG) o 17 de maio de 1958 e o seu discurso tratou sobre Rosalía de Castro.

Pola súa defensa do idioma galego e da nosa cultura, a RAG dedícalle este ano o Día das Letras Galegas.

1. Neste texto aparecen as palabras: *Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas...* en maiúsculas porque son nomes

Comúns	Propios
--------	---------

2. Na oración *Colaborou en moitas revistas galegas: A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Resol, Universitarios, Papel de Color...* escríbese dous puntos (:) porque:

É o encabezamento dunha carta.	É unha enumeración.	Son as palabras textuais que dixo alguén.
--------------------------------	---------------------	---

3. Ordena cronoloxicamente os seguintes sucesos da súa vida. (co número 1 o que pasou primeiro)

1		Estudou na Universidade de Santiago de Compostela.
2	1	Naceu en Ferrol en 1910.
3		Foi membro do Seminario de Estudos Galegos.
4		Foi á escola.
5		Dedícanlle o Día das Letras Galegas.
6		Foi catedrático (profesor) da Universidade.
7		Ingresou na RAG

4. Cantos anos cumpriría este ano?

90	100	110	1110
----	-----	-----	------

5. Se naceu en 1910 e ingresou na Real Academia Galega en 1958. Cantos anos tiñanesa data?

42	48	58
----	----	----

6. Atopa na sopa de letras os seguintes nomes propios (se están en vertical, arrastra á primeira letra)



ROSALÍA

GALIZA

CASTELAO

RICARDO

DOLORES

7. O discurso de ingreso de Ricardo Carvalho na Real Academia Galega tratou sobre Rosalía de Castro, autora dun poema moi coñecido. Risca as letras pares de cada palabra e escribe coas restantes a primeira estrofa dese poema.

ARDUIPÓRS RTÍMOAS ACDFIBÓNS FIOZNLTSEUS

ANDTISÓES RIESGRANTEONS PRECQIUMETNAONS

ANDRICÓNS VOINSETRA DIONS MIENURS ONLILROIS

NAOSN SAEI CRASNODIO NEORS VRETRIENMEONS